

**ACTA DE ACORDO DA COMISIÓN NEGOCIADORA DO ACORDO RETRIBUTIVO
NO ÁMBITO TERRITORIAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA NO
SECTOR DE REFORMA XUVENIL E PROTECCIÓN DE MENORES**


En Santiago de Compostela, sendo as 13.00 horas do día 26 de marzo de 2026, no Hotel Puerta del Camino, sito en C/ Miguel Ferro Caaveiro, s/n de Santiago de Compostela, reúnense as persoas relacionadas a continuación, co obxecto de continuar coa negociación do Acordo Retributivo no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia no Sector de Reforma Xuvenil e Protección de Menores.

POLA PARTE SOCIAL


SINDICATO CIG

NOME	DNI	FIRMA
Henrique García Vázquez	53181513Q	

SINDICATO CUT

NOME	DNI	FIRMA
Ricardo Castro Buerger	36085959V	

SINDICATO CCOO

NOME	DNI	FIRMA
Tania Alonso Soto	53181513Q	

SINDICATO UGT

NOME	DNI	FIRMA
José Antonio Míguez Vila	34970411S	 UGT

POLA PARTE EMPRESARIAL

**ASOCIACIÓN EMPRESARIAL GALLEGA DE FAMILIA, INFANCIA E XUVENTUDE
(GAFIX)**

NOME	DNI	FIRMA
Antonio Campanón Sanjurjo	33321751H	

ACORDAN

PRIMEIRO.- Crear un acordo retributivo específico para a Comunidade Autónoma de Galicia conforme ao establecido na Disposición Transitoria Segunda do V Convenio Colectivo Estatal de Reforma Xuvenil e Protección de Menores (código de convenio 99016175011900).

O motivo de dito acordo é tratar de compensar a través dun complemento denominado **Complemento Equiparador Autonómico Galego** ás persoas traballadoras ás que non lles resultaría de aplicación os complementos salariais recollidos nos artigos 65, 66 e 72 do V Convenio Colectivo Estatal de Reforma Xuvenil e Protección de Menores.

SEGUNDO.- O presente acordo alcánzase cumprindo todos os requisitos que ao respecto quedan establecidos na dita Disposición Transitoria Segunda, é dicir, é de ámbito de comunidade autónoma, que é un dos ámbitos territoriais admitidos pola mesma e alcánzase pola maioría de representatividade das asociacións patronais e das asociacións sindicais.

TERCEIRO.- As partes asinantes acordan a creación para o ámbito do presente acordo retributivo dun complemento salarial denominado Complemento Equiparador Autonómico Galego coas seguintes características:

- Non consolidable
- De contía específica e determinada por categoría profesional, conforme ás táboas anexas.
- Devengo mensual e aboamento en catorce pagas
- Natureza compensable e absorbible
- Non revalorizable

Este Complemento Equiparador Autonómico Galego quedará automaticamente compensado e absorbido polo aboamento dos complementos salariais regulados nos artigos 65, 66 e 72 do V Convenio Colectivo de Reforma Xuvenil e Protección de Menores.

Este complemento salarial seralles de aplicación ás persoas traballadoras que realicen a súa actividade laboral nos distintos centros, recursos e programas integrados no ámbito funcional do V Convenio Colectivo Estatal de Reforma Xuvenil e Protección de Menores.

Este acordo retributivo e, en concreto o Complemento Equiparador Autonómico Galego aplicarase efectivamente a todos aqueles recursos, programas ou servizos de contratación pública que se desenvolvan na Comunidade de Galicia realizada baixo calquera das modalidades previstas no ordenamento xurídico (subvención, contrato, concerto, convenio ou outras fórmulas legais), con contratos vixentes e licitados antes do 16 de decembro de 2024 e naquelas prórrogas en que a Administración pública ou órgano contratante correspondente amplíe o financiamento durante o período 2026 (desde a entrada en vigor do acordo) ata o 30 de setembro de 2029 co efecto de incorporar os incrementos salariais pactados neste acordo retributivo.

En caso de non producirse a ampliación da totalidade do financiamento indicado polo órgano contratante, este Complemento Equiparador Autonómico Galego non resultará de aplicación.

CUARTO.- O presente acordo surtirá efectos desde o día seguinte á publicación do mesmo no Boletín Oficial do Estado ata o 30 de setembro de 2029, momento en que



resultará de aplicación xeral os complementos recollidos no V Convenio Colectivo nos seus artigos 65, 66 e 72.

QUINTO.- As partes acordan fixar unhas táboas retributivas específicas para as persoas traballadoras do sector de reforma xuvenil e protección de menores que presten os seus servizos laborais na Comunidade Galega para as anualidades de 2026 (a parte proporcional desde a data de entrada en vigor deste acordo retributivo) ata o 30 de setembro de 2029 de acordo co establecido no Anexo 1 ao presente acordo.

SEXTO.- As partes acordan que, dado que o presente acordo en nada fai cambiar os acordos acadados na negociación colectiva estatal, senón só os seus importes, en todo o non pactado expresamente neste acordo retributivo, incluídas as definicións dos conceptos salariais referidos nel, estarase ao disposto no V Convenio Colectivo Estatal de Reforma Xuvenil e Protección de Menores.

SÉTIMO.- Para todos aqueles conceptos salariais nos que sexa necesario para o seu cálculo a suma de salario base e complemento específico, tales como complementos de nocturnidade, festividade e horas extraordinarias, etc. tomarase como referencia o salario resultante da suma do Salario Base, o Complemento Equiparador Autonómico Galego e cando proceda o Complemento Transitorio.


OITAVO.- Créase unha Comisión Paritaria de interpretación do presente Acordo Retributivo conformada por catro representantes de cada unha das partes, social e patronal, en representación das entidades asinantes do mesmo.


O domicilio da mesma será Rúa do Valiño 63-65. 15707 Santiago de Compostela.

Os acordos que a mesma alcance poderán ser publicados, sendo, en todo caso, comunicados á Comisión Paritaria do Convenio Colectivo Estatal de Reforma Xuvenil e Protección de Menores.

As partes comprométense a subsanar calquera erro de transcripción de texto.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por rematada a reunión, sendo as 14.00 horas da data arriba indicada.



TÁBOAS SALARIAIS ACORDO RETRIBUTIVO COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
2026-2029

ANEXO 1

ESCALAS APPLICABLES PARA SALARIOS DE POSTOS FUNCIONAIS DE DIRECCIÓN, SUBDIRECCIÓN E COORDINACIÓN
ESTAS RETRIBUCIÓNS QUEDARÁN ABSORBIDAS, EN TODO CASO, O 30 DE SETEMBRO DE 2029, MOMENTO EN QUE O V CONVENIO ESTATAL DE REFORMA XUVENILE
PROTECCIÓN DE MENORES ADQUIRE APLICACIÓN XERAL

Centros pechados e/ou semiabertos

	2026				2027				2028				2029			
	SALARIOS BASE	C. TRANS TORIO	C. EQUIPARADOR AUTONÓMICO GALEGO	TOTAL ANUAL	SALARIOS BASE	C. TRANS TORIO	C. EQUIPARAD OR AUTONÓMIC O GALEGO	TOTAL ANUAL	SALARIOS BASE	C. TRANS TORIO	C. EQUIPARADOR AUTONÓMICO GALEGO	TOTAL ANUAL	SALARIOS BASE	C. TRANS TORIO	C. EQUIPARADOR AUTONÓMICO GALEGO	TOTAL ANUAL
G.1A	1.705,75 €	277,08 €	158,63 €	29.980,44 €	1.705,75 €	277,08 €	222,87 €	30.879,80 €	1.705,75 €	277,08 €	300,07 €	31.960,80 €	1.705,75 €	277,08 €	657,05 €	33.079,20 €
G.1B	1.578,43 €	238,27 €	145,33 €	27.468,42 €	1.578,43 €	238,27 €	204,19 €	28.292,46 €	1.578,43 €	238,27 €	274,92 €	29.282,68 €	1.578,43 €	238,27 €	586,40 €	30.307,62 €
G.2	1.238,91 €	261,56 €	120,03 €	22.687,00 €	1.238,91 €	261,56 €	168,65 €	23.367,68 €	1.238,91 €	261,56 €	227,07 €	24.185,56 €	1.238,91 €	261,56 €	549,09 €	25.032,00 €
G.3	1.159,40 €	152,87 €	104,98 €	19.841,50 €	1.159,40 €	152,87 €	147,05 €	20.430,48 €	1.159,40 €	152,87 €	198,59 €	21.152,04 €	1.159,40 €	152,87 €	404,34 €	21.892,36 €
G.4	1.137,20 €	121,82 €	100,72 €	19.036,36 €	1.137,20 €	121,82 €	141,51 €	19.607,42 €	1.137,20 €	121,82 €	190,53 €	20.293,70 €	1.137,20 €	121,82 €	363,09 €	21.004,06 €

Resto de Centros

	2026			2027			2028			2029		
	SALARIOS BASE	C. EQUIPARADOR AUTONÓMICO GALEGO	TOTAL ANUAL	SALARIOS BASE	C. EQUIPARADOR AUTONÓMICO GALEGO	TOTAL ANUAL	SALARIOS BASE	C. EQUIPARADOR AUTONÓMICO GALEGO	TOTAL ANUAL	SALARIOS BASE	C. EQUIPARADOR AUTONÓMICO GALEGO	TOTAL ANUAL
G.1A	1.705,75 €	168,28 €	26.236,42 €	1.705,75 €	340,69 €	28.650,16 €	1.705,75 €	458,89 €	30.304,96 €	1.705,75 €	557,91 €	31.691,24 €
G.1B	1.578,43 €	146,39 €	24.147,48 €	1.578,43 €	298,89 €	26.282,48 €	1.578,43 €	405,47 €	27.774,80 €	1.578,43 €	495,57 €	29.036,00 €
G.2	1.238,91 €	153,29 €	19.490,80 €	1.238,91 €	301,91 €	21.571,48 €	1.238,91 €	397,06 €	22.903,58 €	1.238,91 €	474,07 €	23.981,72 €
G.3	1.159,40 €	96,12 €	17.577,28 €	1.159,40 €	199,54 €	19.025,16 €	1.159,40 €	274,41 €	20.073,34 €	1.159,40 €	338,73 €	20.973,82 €
G.4	1.137,20 €	79,80 €	17.038,00 €	1.137,20 €	170,33 €	18.305,42 €	1.137,20 €	239,43 €	19.272,82 €	1.137,20 €	300,14 €	20.122,76 €

**SALARIO ANUAL DE REFERENCIA PARA CÁLCULO DE COMPLEMENTO DE DIRECCIÓN
ACORDO RETRIBUTIVO COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
2026-2029**

ESCALAS APLICABLES PARA SALARIOS DE POSTOS FUNCIONAIS DE DIRECCIÓN, SUBDIRECCIÓN E COORDINACIÓN
ESTAS RETRIBUCIÓNS QUEDARÁN ABSORBIDAS, EN TODO CASO, O 30 DE SETEMBRO DE 2029, MOMENTO EN QUE O V CONVENIO ESTATAL DE REFORMA XUVENILE E PROTECCIÓN DE MENORES ADQUIRE APLICACIÓN XERAL

ESCALA	PAZAS/PERSONAS TRABALLADORAS
A	De 0 a 10 prazas, ou ata 10 persoas traballadoras.
B	De 11 a 25 prazas, ou entre 11 e 25 persoas traballadoras.
C	De 25 a 50 prazas, ou entre 25 e 50 persoas traballadoras.
D	Máis de 50 prazas, ou máis de 50 persoas traballadoras.

	TRAMO	Centros pechados de medidas xudiciais				TRAMO	Resto de Centros			
		2026	2027	2028	2029		2026	2027	2028	2029
DIRECCIÓN	A	34.678,40 €	35.718,75 €	37.058,21 €	38.540,53 €	A	31.194,21 €	33.860,31 €	35.434,95 €	37.152,57 €
	B	35.759,90 €	36.832,70 €	38.213,92 €	39.742,48 €	B	32.259,96 €	34.967,02 €	36.584,30 €	38.354,52 €
	C	36.841,40 €	37.946,64 €	39.369,64 €	40.944,43 €	C	33.325,71 €	36.073,74 €	37.733,65 €	39.556,47 €
	D	37.922,90 €	39.060,59 €	40.525,36 €	42.146,37 €	D	34.391,46 €	37.180,45 €	38.883,00 €	40.758,41 €
SUBDIRECCIÓN	A	33.236,40 €	34.233,49 €	35.517,25 €	36.937,94 €	A	29.773,21 €	32.384,68 €	33.902,49 €	35.549,98 €
	B	33.596,90 €	34.604,81 €	35.902,49 €	37.338,59 €	B	30.128,46 €	32.753,59 €	34.285,61 €	35.950,63 €
	C	33.957,40 €	34.976,12 €	36.287,73 €	37.739,24 €	C	30.483,71 €	33.122,49 €	34.668,72 €	36.351,28 €
	D	34.317,90 €	35.347,44 €	36.672,97 €	38.139,88 €	D	30.838,96 €	33.491,40 €	35.051,84 €	36.751,92 €
COORDINACIÓN	A	30.712,90 €	31.634,29 €	32.820,57 €	34.133,40 €	A	27.286,46 €	29.802,35 €	31.220,68 €	32.745,44 €
	B	31.073,40 €	32.005,60 €	33.205,81 €	34.534,04 €	B	27.641,71 €	30.171,25 €	31.603,79 €	33.146,08 €
	C	31.433,90 €	32.376,92 €	33.591,05 €	34.934,69 €	C	27.996,96 €	30.540,16 €	31.986,91 €	33.546,73 €
	D	31.794,40 €	32.748,23 €	33.976,29 €	35.335,34 €	D	28.352,21 €	30.909,06 €	32.370,03 €	33.947,38 €









